

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 11.2 / 2017



2017

Revista científica de carácter anual sobre estudios portugueses y lusófonos, promovida por el Área de Filologías Gallega y Portuguesa (UEx) en colaboración con la SEEPLU.
<http://www.revistalimite.es>

CONSEJO DE REDACCIÓN

Director - Juan M. Carrasco González - direccion@revistalimite.es

Secretaría - María Luísa Leal / M^a Jesús Fernández García secretaria@revistalimite.es

VOCALES

Carmen M^a Comino Fernández de Cañete (Universidad de Extremadura)

Christine Zurbach (Universidade de Évora)

Julie M. Dahl (University of Wisconsin-Madison)

Luisa Triás Folch (Universidad de Granada)

M^a da Conceição Vaz Serra Pontes Cabrita (Universidad de Extremadura)

lolanda Ogando (Universidad de Extremadura)

Salah J. Khan (Universidad de Extremadura)

Teresa Araújo (Universidade de Lisboa)

Teresa Nascimento (Universidade da Madeira)

COMITÉ CIENTÍFICO

Ana Luísa Vilela (Universidade de Évora)

Ana Maria Martinho (Universidade Nova de Lisboa)

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)

Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Cândido Oliveira Martins (Universidade Católica Portuguesa-Braga)

Cristina Almeida Ribeiro (Universidade de Lisboa)

Dieter Messner (Universität Salzburg)

Gerardo Augusto Lorenzino (Temple University, Philadelphia)

Gilberto Mendonça Teles (Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro)

Hélio Alves (Universidade de Évora)

Isabel Leiria (Universidade de Lisboa)

Isabelle Moreels (Universidad de Extremadura)

Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

José Augusto Cardoso Bernardes (Universidade de Coimbra)

José Camões (Universidade de Lisboa)

José Muñoz Rivas (Universidad de Extremadura)

Maria Carlota Amaral Paixão Rosa (Universidade Federal do Rio de Janeiro)

M^a Filomena Candeias Gonçalves (Universidade de Évora)

M^a da Graça Sardinha (Universidade da Beira Interior)

M^a Graciete Besse (Université de Paris IV-La Sorbonne)

Maria Helena Araújo Carreira (Université de Paris 8)

Nuno Júdice (Universidade Nova de Lisboa)

Olga García García (Universidad de Extremadura)

Olívia Figueiredo (Universidade do Porto)

Otilia Costa e Sousa (Instituto Politécnico de Lisboa)

Paulo Osório (Universidade da Beira Interior)

Xosé Henrique Costas González (Universidade de Vigo)

Xosé Manuel Dasilva (Universidade de Vigo)

EDICIÓN, SUSCRIPCIÓN E INTERCAMBIO

Servicio de Publicaciones. Universidad de Extremadura

Plz. Caldereros, 2. C.P. 10071 – Cáceres. Tfno. 927 257 041 / Fax: 927 257 046

<http://www.unex.es/publicaciones> – e-mail: publicac@unex.es

© Universidad de Extremadura y los autores. Todos los derechos reservados.

© Ilustración de la portada: Miguel Alba. Todos los derechos reservados.

Depósito legal: CC-973-09 . I.S.S.N.: 1888-4067

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Número 11.2 – 2017

Lingüística Histórica

Coord. Juan M. Carrasco González

Raquel Alonso Parada



Bases de datos y sistemas de categorización donde está incluida la revista:

ISOC y DICE (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), Dialnet, Latindex, CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).



Juan M. Carrasco González, director de la revista, tiene el placer de anunciar que *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* ha sido aceptada para su indexación en el Emerging Sources Citation Index, la nueva edición de Web of Science. Los contenidos de este índice están siendo evaluados por Thomson Reuters para su inclusión en Science Citation Index Expanded™, Social Sciences Citation Index®, y Arts & Humanities Citation Index®. Web of Science se diferencia de otras bases de datos por la calidad y solidez del contenido que proporciona a los investigadores, autores, editores e instituciones. La inclusión de (Revista) en el Emerging Sources Citation Index pone de manifiesto la dedicación que estamos llevando a cabo para proporcionar a nuestra comunidad científica con los contenidos disponibles más importantes e influyentes

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Número 11.2 – 2017 - *Lingüística Histórica*

SUMARIO / SUMÁRIO

Lingüística Histórica

- Juan M. Carrasco González y Raquel Alonso Parada** – Introducción:
Lingüística Histórica 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro e Pedro Madruga. Dúas
tentativas de unión entre Galicia e Portugal na baixa Idade Media 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo sobre la *Peregrinatio*
Egeriae: Deixis del género literario y sentido de la epístola 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Sobre algunhas concomitancias luso-galaicas
do “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira,
&c.” (1728) de Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – As variedades vianesa e a frieiresa-
portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – Os actuais subsistemas de
sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as
dificultades para a súa normativización conxunta 111-132

Varia

- Angélica García-Manso** – Adaptaciones fílmicas de los textos de
Fernando Pessoa: clave de lectura para *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Entre as margens e o centro: Fialho de
Almeida, um retrato (im)possível 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Recordando a Fialho de Almeida,
cuentista y polemista en su 160 aniversario 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the
Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me
como foi* 195-214

Reseñas /recensões

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela
Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de
Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*,
Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa /
Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos*.
Propostas para todos quantos trabalham com adultos em 223-225

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	
Xosé Manuel Dasilva - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016.	226-229
M^a Jesús Fernández García – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
Normas de publicación / Normas de publicação	237-242

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 11.2 – 2017 - *Historical Linguistics*

SUMMARY

Historical Linguistics

- Juan M. Carrasco González & Raquel Alonso Parada** – Introduction: Historical Linguistics 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro and Pedro Madruga. Two Attempts at Union between Galicia and Portugal in the Late Middle Ages 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo on the *Peregrinatio Egeriae*: Deíxis and Literary Genre and Meaning of the Epistle 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Reflections on Luso-Galician Concomitances in “Vocabulário de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” (1728) by Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – Eastern Galician Varieties from Viana and from As Frieiras-As Portelas and Their Similarities with Portuguese 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – The Current Subsystems of Sibilant Sounds in the Dialects of the Ellas or Xalima Valley and the Difficulties of a Unified Writing 111-132

Varia

- Angélica García-Manso** – Film Adaptations of texts by Fernando Pessoa: reading keys for *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Between the Margins and the Center: Fialho de Almeida, an (Im)possible Portrait 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Remembering Fialho de Almeida, Portuguese Story Teller and Polemicist on his 160th Anniversary 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me como foi* 195-214

Reviews

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*, Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa / Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos. Propostas para todos quantos trabalham com adultos em*

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	223-225
Xosé Manuel Dasilva - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016	226-229
M^a Jesús Fernández García – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
Standards of Publication	237-242

Os actuais subsistemas de sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as dificultades para a súa normativización conxunta

Xosé Henrique Costas González
Universidade de Vigo (Galicia)
xcostas@uvigo.es

Data de recepción do artigo: 21-02-2017
Data de aceptación do artigo: 06-11-2017

Resumo:

No val do Ellas (noroeste de Cáceres) existen dous subsistemas de sibilantes nas falas galego-portuguesas alí empregadas: o valverdeiro, sen fonemas sonoros, e o mañego-lagarteiro, con algún fonema e alófonos sonoros. Neste traballo descríbense os fonemas e os sons existentes nos dous subsistemas e analízase as dificultades para a escrita unificada das tres variedades no eido das sibilantes.

Palabras chave: sibilantes – val do Ellas – valverdeiro – lagarteiro – mañego – normativización.

Abstract:

In the Ellas valley (northwest Extremadura, Spain) there are two subsystems of sibilant sounds: the subsystem of the Valverdeiro dialect, without voiced phonemes, and the subsystem of the Mañego and Lagarteiro dialects, with voiced phonemes and allophones. This paper describes the sibilant phonemes and sounds existing in the two subsystems and analyzes the possibility of using similar graphemes for a unified writing amid three dialectal varieties.

Keywords: sibilants – Ellas valley – Valverdeiro – Lagarteiro – Mañego – unified writing.

1. Engarelón: a situación presente

No noroeste da provincia española de Cáceres, raiando coa Beira portuguesa, no chamado val do río Ellas ou de Xálima, fálanse tres variedades galego-portuguesas nas localidades de Valverde do Fresno (valverdeiro), As Ellas (lagarteiro) e S. Martiño de Trebello (mañego). O conxunto dialectal destas tres falas foi denominado cos

glotónimos “valego”, “xalimego” ou simplemente “A Fala”. Nestas tres variedades locais coexisten na actualidade dous subsistemas de sibilantes nididamente diferenciados: por un lado o do valverdeiro, variedade usada polo 60% da poboación, sen fonemas sibilantes sonoros, e polo outro o do mañego e lagarteiro, usados respectivamente polo 18% e polo 22% da poboación¹, cun fonema e varios alófonos sibilantes sonoros.

O valego ou xalimego é falado polo 95% dos 4.600 habitantes das tres localidades e, aínda que hai acordo en consideralo “galego-português” en sentido amplo, debido aos seus trazos lingüísticos singulares a maioría dos autores coidan que é “fundamentalmente galego” (Cintra 1959, Costas 2013) ou “a terceira póla” do galego-portugués (Carrasco 1996).

Algúns autores² afirmaron que o subsistema de sibilantes do valverdeiro é resultado da interferencia do español no primitivo sistema de sibilantes do (galego)portugués, con oposicións xordas-sonoras, polo feito de non presentar fonemas sibilantes sonoros. Iso é tanto como presupoñer que dez dos trece subsistemas de sibilantes do galego actual³ son tamén o resultado da interferencia do español polo mesmo motivo; esta afirmación defénde a reintegracionismo galego, para quen a ausencia de sibilantes sonoras e a presenza do fonema fricativo interdental xordo ⁴ /θ/ son evidencias de castelanismos fónicos no galego, pois para esta corrente todo o que exista en galego e non exista en portugués, á forza terá de ser castelanismo.

Ouramente, o mañego e o lagarteiro presentan un subsistema -ou dous microsubsistemas, como máis adiante veremos-, que coinciden só parcialmente cos subsistemas portugueses de sibilantes (transmontano, beirão e centro-meridional)⁵, pois en mañego e lagarteiro unicamente ten rendemento un par opositivo na orde

¹ Estas porcentaxes correspóndense coa porcentaxe de habitantes de Valverde (60% do total do val), San Martiño de Trebello (18% do total do val) e As Ellas (o 22% restante). O val ten en total 4.600 habitantes, dos que o 95% usan habitualmente e con normalidade algunha das tres variedades locais.

² Leite de Vasconcelos (1927), Viudas (1982), Martín Galindo (1993) ou Sanches Maragoto (2012).

³ Costas González (1994).

⁴ Empregamos o International Phonetic Alphabet (IPA) na versión de 2005.

⁵ Vid. Cintra (1983), Mateus (1975), Teyssier (1982) *passim*.

fricativa apicoalveolar; no resto dos antigos pares xa non existe tal distinción xorda-sonora, ben porque houbo neutralizacións, ben porque un dos fonemas da oposición evolucionou para fóra do cadro de fonemas sibilantes.

Galego antigo	Portugués Centro-Sur	Portugués T-os-M ⁶	Portugués da Beira
/tʃ/(-/dʒ/) >	-- ⁷	/tʃ/	(/tʃ/ ou /ʃ/)
/ʃ/-/ʒ/ >	/ʃ/-/ʒ/	/ʃ/-/ʒ/	/ʃ/-/ʒ/
/s̺/-/z̺/	-- ⁸	/s̺/-/z̺/	/s̺/-/z̺/
(/ts/-/dz/ >) /s/-/z/ >	/s/-/z/	/s/-/z/	--

Cadro 1. Sistemas de sibilantes no portugués europeo (elaboración propia).

Galego antigo	Galego común ⁹	Galego seseante ¹⁰	Galego arcaizante ¹¹
/tʃ/(-/dʒ/) >	/tʃ/	/tʃ/	/tʃ/
/ʃ/-/ʒ/ >	/ʃ/	/ʃ/	/ʃ/-/ʒ/
/s̺/-/z̺/ >	/s̺/	</s̺/s> ¹²	/s̺/-/z̺/
(/ts/-/dz/ >) /s/-/z/ >	/θ/	--	/θ/-/ð/

Cadro 2. Sistemas de sibilantes no galego actual (elaboración propia).

⁶ Portugués trasmontano.

⁷ O fonema africado /tʃ/ evolucionou a fricativo /ʃ/ en amplas zonas do centro e sur de Portugal.

⁸ No portugués do Centro-Sul converxeron nun único par de fonemas fricativos predorsais xordo e sonoro os antigos pares fricativos predorsais e apicoalveolares do galego(portugués) antigo, aínda conservados no portugués de Trás-os-Montes e, algo evolucionados, no galego arcaizante da Limia Baixa, mentres que no portugués da Beira a converxencia correu cara ao par apicoalveolar.

⁹ Tamén chamado galego *thetaísta*, é o falado no 80% do territorio galego, agás na faixa atlántica.

¹⁰ Falado na costa atlántica con diversas modalidades.

¹¹ Falado en catro concellos fronteirizos con Minho e Trás-os-Montes.

¹² Resultado da neutralización entre os fonemas xordos fricativos apicoalveolar e predorsal. Na faixa occidental atlántica hai unhas áreas de seseo apicoalveolar (*pra[s̺]a, mo[s̺]a, [s̺]inco, [s̺]ear*) e outras de seseo predorsal (*pra[s]a, mo[s]a, [s]inco, [s]ear*) Vid. Fernández Rei (1990).

Galego antigo	Valverdeiro	Lagarteiro	Mañego
/tʃ/(-dʒ/)	/tʃ/	/tʃ/	/tʃ/
/j/(-z/)	/j/	<ʃ-ʒ>	<ʃ-ʒ>
/s/(-z/)	/s/	/s/(-z/)	/s/(-z/)
(/ts/(-dz/ >)/s/(-z/)	/θ/	/θ/, /d/ ¹³	/θ/, /d/

Cadro 3. Sistemas de sibilantes no valego ou xalimego actual
(elaboración propia).

Esta abordaxe do estudo das sibilantes (e ex-sibilantes) das tres falas do Ellas non deixaría de ser un estudo máis, necesario para o coñecemento, se non fose polas importantes repercusións que esta disparidade de resultados acarrexará nun modelo futuro de lingua escrita unificada das tres falas do Ellas: ou representar graficamente as sibilantes xordas e sonoras de maneira idéntica ou semellante a como fai o portugués, o catalán ou o francés (ch /-s-, z /-ss-, s-, ç, ce, ci / ge, gi, j / x), cando o 60% dos total dos falantes do Val do Ellas – e o 70% dos falantes menores de 30 anos-, non posúe sonoras na fala; ou non as representar e botar man dun sistema gráfico idéntico ou semellante ao das sibilantes en galego (s, z, ce, ci, x, ch), eis o dilema.

Non é nada doado responder a isto, sobre todo pola presenza de alófonos e fonemas dialectais cun compoñente fortemente emocional e identitario que os falantes non queren deixar de representar na escrita “á súa maneira”. A normativa galega vale para o valverdeiro, pero non tanto para mañego e lagarteiro, e o estándar escrito portugués quedalle lonxe ao valverdeiro e tería fortes desaxustes gráfico-fónicos se se lle aplicase a mañego e lagarteiro. Unha normativa ortográfica é como un traxe para o corpo (fonolóxico) dunha lingua, canto máis axeito quede o traxe máis cómoda será a normativa. Non se lle pode poñer un traxe dun adulto a un neno de dez anos nin moito menos intentar que un adulto vista a roupa (normativa) habitual do corpo (fonolóxico) dun neno de dez anos.

¹³ O antigo fonema fricativo interdental sonoro /ð/ evolucionou a dental /d/, cos alófonos [d] e [d̪], ((le ‘fidú ‘θeŋ do‘raʒ]), perdendo o seu carácter sibilante.

2. O subsistema valverdeiro:

2.1. Fonemas e alófonos en posición explosiva: en posición explosiva ou inicial de sílaba o subsistema valverdeiro é idéntico ao do galego común thetaísta ou non seseante ao se compoñer de catro fonemas:

	Fonemas	Alófonos
Africado prepalatal	/tʃ/	[tʃ]
Fricativo prepalatal	/ʃ/	[ʃ], [x]
Fricativo apicoalveolar	/s̺/	[s̺], [z̺] etc.
Fricativo interdental	/θ/	[θ], [θ̺] etc.

Cadro 4: fonemas e alófonos do valverdeiro

/tʃ/: *chorar, chave, chumbo, cheirar, chamar...*

/θ/: *cear, praza, moza, once, doce, cazar, ceu...*

/s̺/: *nosa, casa, fuso, vaso, mesa, seis, soito...*

/ʃ/: *xesgo, bruxa, xabón, enxami, xugar, hoixi, beixu...*

A única diferenza co sistema común e maioritario do galego é que este último fonema prepalatal xordo, ademais da realización prepalatal xorda [ʃ], ten tamén unha realización fricativa velar xorda [x] semellante á do leonés centro-meridional e do castelán. Esta realización velar [x] aparece en bastantes formas descoñecidas ou estrañas para o castelán como *estojar, jovis, ajudar* ou *lonji*, polo que temos serias dúbidas de que se trate –polo menos nestes casos–, dunha interferencia fonética do castelán¹⁴. Máis ben pensamos nun resto fonético ou interferencia do antigo leonés, pois os farrapos de leonés meridional que aínda hoxe quedan en Seabra, Aliste e Sayago presentan esta mesma evolución de [ʃ] > [x] en formas como *gelada, janeiro, jeito, llonge, llouja, jeijo*, etc. (Frías 2010:41). Esta é a mesma evolución que sufriu plenamente o castelán en voces como *junta, jugar, jabón, abajo, trabajo, lejos*, etc.

¹⁴ As interferencias do castelán serían formas tipo *khuèves* ou *lekhos*, existentes no galego popular.

Hoxe este alófono [x] está presente nunha dúcia de voces patrimoniais (*jovís, longi, estojar...*) e, sobre todo, está presente nos leonesismos e castelanismos históricos (*cortajenu, jenu, justicia, juez...*) e na riada de cultismos do castelán escolar, administrativo e tecnolóxico que entraron nestas falas no último século (*geografía, geología, perjudicar, agenda, cojinete, ejemplar...*), castelanismos estes últimos que por outra parte tamén concorren no galego oral popular de moita xente maior, da que non tivo oportunidade de estudar lingua galega na escola e depurar a súa fala deste tipo de interferencias léxicas.

Por último digamos que o fonema africado prepalatal xordo /tʃ/ mantén a pronuncia [tʃ] coma o galego en [tʃ] *ove*, [tʃ] *ave*, [tʃ] *ama* ou [tʃ] *ea* e tamén coma os falares portugueses setentrionais, fronte aos portugueses central e meridional que desafricaron este fonema dando lugar á realización fricativa [ʃ] de [ʃ] *ove*, [ʃ] *ave*, [ʃ] *eia*.

2.2. Posición implosiva

Os fonemas /tʃ/ e /ʃ/ e os seus alófonos, ao igual ca no galego, nunca concorren en posición implosiva, nin medial nin final.

O fonema /s̺/ en posición implosiva ten os alomorfos condicionados que tamén ten o galego (palatalizado, dentalizado, sonorizado, etc.) e non sofre aspiración como ten o castelán meridional ou o castelán estremeño; é decer, os falantes de valverdeiro, como os de mañego e lagarteiro, non aspiran o -s final, nin nas súas falas nin tampouco cando falan castelán. Este trazo singularízaos dentro do conxunto dos cidadáns estremeños. En troques, rexistramos algunhas aspiracións esporádicas entre falantes novos menores de corenta anos, os que estudaron noutras zonas de Estremadura bacharelato e carreiras universitarias ou traballaron fóra do val algúns anos, por acomodación aos hábitos fonéticos do lugar onde residiron durante ese tempo; á hora de volveren falar algunha das falas do val “cometen” algunhas aspiracións propias do castelán popular meridional.

É moi difícil –por non decer imposible–, rexistrar realizacións do fonema fricativo interdental xordo /θ/ en posición implosiva medial (implosiva interior de palabra), de forma semellante ao que ocorre na maior parte das falas galegas, sobre todo nas centro-occidentais, pois parece haber unha repulsión á pronuncia da interdental en posición implosiva ao seren habituais as pronuncias

tipo *torresmo*, *tisnar*, con [-ʒ] en lugar de [-θ], e mesmo rexistramos [-ʒ] por [-θ] nas adaptacións de vulgarismos do castelán na pronuncia dos grupos cultos: *trastol* (tractor, en castelán vulgar *traztoñ*), *astual* (actuar, en castelán vulgar *aztuar*).

En posición implosiva final desaparece toda pronuncia dunha esperada interdental xorda: *ve*, *cru*, *de*, *capá*, *pa*, *lu*, *capatá*, *pe* (a pez), *felí*, *perdí*, *feró*, *arró*, *nó* (*vez*, *cruz*, *dez*, *paz*, *luz*, *capataz*, *pez*, *feliz*, *perdiz*, *feroz*, *arroz*, *noz*) interdental que si existe cando se forma o plural e queda en posición explosiva: *vecis*, *crucis*, *decis*, *capacis*, *pacis*, *lucis*, *capatacis*, *pecis*, *felicis*, *perdicis*, *ferocis*, *arrocis*, *nocis*. Este fenómeno tamén se rexistra en áreas do mediodía central e oriental do dominio lingüístico galego, onde son habituais as pronuncias *rapá*, *capá*, *cru*, *Fernande*, *Lope*, *pa...* (*rapaz*, *capaz*, *cruz*, *Fernández*, *López*, *paz*)¹⁵.

Algunha vez tratamos de lle buscar unha explicación a esta desaparición do [-θ] comparando exemplos de varios falares do galego onde se produce este fenómeno e concluímos que a antiga fricativa interdental sonora /ð/ en posición implosiva final puido ser asimilada polo [d̥] inicial en contextos como [dɛð d̥e 'majo] > [dɛ d̥e 'majo] ou ['kruð d̥í'βina] > ['kru d̥í'βina] e logo se xeneralizase [dɛ], [kru], e non [dɛð], [kruð] porque no galego da Limia Baixa, nalgún microdialecto, aínda se mantén a pronuncia [dɛð] e [dɛð 'omes] pero en [dɛ d̥e 'majo] ou [kru d̥í'βina] xa non (vid. Costas 1999a). E non se trata de seseo nin aspiración, como afirmou algún lingüista galego¹⁶.

3. O subsistema mañego-lagarteiro

Aínda que mañego e lagarteiro son dúas falas con certas diferenzas internas, como podemos ver neste cadro comparativo das principais desemeallanzas entre as tres falas do val do Ellas.

¹⁵ Vid. Costas (1999a).

¹⁶ Vid. Carballo Calero (1976).

VALVERDEIRO (60% dos falantes)	LAGARTEIRO (22% dos falantes)	MAÑEGO (18% dos falantes)
xogu, hoixi, monxa, lon[x]i	izogu, ho[ʝ]i, mondza, londzi	zugu, hozi, mondza, londzi
nosa, casa, usu, pasu	nosa, ca[ʒ]a, u[ʒ]u, pasu	nosa, ca[ʒ]a, u[ʒ]u, pasu
cincu, praza, tre[θ]i, [θ]orra	cincu, praza, tre[d]i, [d]orra	cincu, praza, tre[d]i, [d]orra
padri, ladrón, pedra, hedra	padri, ladrón, pedra, hedra	pairi, lairón, peira, heira
mans, rans, ventás, miñás	mas, ras, ventás, mañás	mas, ras, ventás, mañás
canciós, razóns, capitás	canciós, radós, capitás	canciós, radós, capitás
u([ʃ]) homi(s)	u([ʒ]) homi(s)	o([ʒ]) homi(s)
comeu, bebeu, viviú, durmiu	comeu, bebeu, viviú, durmiu	comei, bebei, viví, durmí
chegaran, levaran, criaran	chegorin, levorin, criorin	chegorin, levorin, criorin
ficer	Fer	fer
aceviñu, zagaliña, pontiña	a[d]eviñu, [d]agaliña, pontiña	a[d]evitu, [d]agalita, pontita

Cadro 5: principais diferenzas entre as tres falas (elaboración propia)

Ambos os dous presentan tamén unha serie de características comúns fronte ao valverdeiro. Unha delas, quizais a principal, é a da existencia no seu seo dun fonema e varios alófonos sibilantes sonoros, como vimos nas primeiras liñas do cadro anterior.


3.1. Fonemas e alófonos mañegos e lagarteiros en posición explosiva

O subsistema mañego-lagarteiro garda semellanzas co do portugués central beirão pola presenza de sonoras e a ausencia de fricativas predorsais, mais non é idéntico ao presentar solucións e

evolucions propias que fan que non sexa doada a adopción do sistema gráfico portugués para estas falas, pero asemade é semellante ao do galego común non seseante ao se compoñer de catro fonemas e un arquifonema sibilante, máis un fonema ex-sibilante.

	FONEMAS	ALÓFONOS
Africado prepalatal	/tʃ/ (/dʒ/) ¹⁷	[tʃ]
Fricativo prepalatal	<ʃ/ʒ>	[ʃ], [ʒ], [dʒ]
Fricativo apicoalveolar	/s̺/ - /z̺/	[s̺], [z̺]
Fricativo interdental	/θ/ - (/ð/)	[θ], [θ̺]

Cadro 6: fonemas e alófonos de mañego e lagarteiro (elaboración propia).



/tʃ/: *chorar, chave, chumbo, cheirar, chamar.*

<ʃ/ʒ>, arquifonema resultado da neutralización do antigo par /ʃ/-/ʒ/. Hoxe non achamos par ningún que se opoña pola realización fricativa palatal xorda ou sonora. Por exemplo, a antiga oposición *quei/ʃ/o*–*quei/ʒ/o* é hoxe en lagarteiro *que/ʃs/o* e *que/ʒs/o* e en mañego *que/ʃ/o*–*que/ʒ/o*, pois tanto nunha coma noutra variedade operaron posteriormente outros fenómenos: o grupo [jʃ] despalatalizou en [ʃs] en lagarteiro e en mañego o iode foi absorbido pola palatal, resultando [ʃ]: *queisu, beisu, caisa, baisu* en lagarteiro¹⁸, e *quexu, bexu, caxa, baxu* en mañego.

Á parte disto constatamos certa tendencia enxordecedora ao rexistrarmos maioritariamente voces como *foluxi, viaxi* ou outras, cando o esperable sería nestes casos a pronuncia con sonora. Temos que indicar tamén que en lagarteiro en inicial absoluta de palabra rexistramos sempre un *i*-protético en voces que comezan por [ʃ-] e por [ʒ-]: *[ij]abón, [iʒ]unta, [ij]aringa, [iʒ]ineira*. Vexamos a disparidade de solucións que temos neste eido entre as tres variedades:

¹⁷ O fonema entre paréntese quere indicar que se supón a súa antiga existencia.

¹⁸ Resultado tamén coñecido nas veciñas falas postleonesas de Villamiel e Trevejo (Vid. Marcos 2005).

Valverdeiro	Lagarteiro	Mañego
ho[j]i	ho[ɫs]i	ho[ʒ]i
que[j]u	que[ɫs]u	que[ʒ]u
lon[x]i	lon[dʒ]i	lon[dʒ]i
ba[x]u	ba[ɫs]u	ba[ʃ]u
[x]ovis	i[ʒ]ovis	[ʒ]ovis
[ʃ]unta	i[ʒ]unta	[ʒ]unta
bru[ʃ]a	bru[ɫs]a	bru[ʃ]a
coi[ʃ]a	coi[ʒ]a	coi[ʒ]a
[ʃ]abón	i[ʃ]abón	[ʃ]abón

Cadro 7: pronuncias diferentes das sibilantes entre valverdeiro, lagarteiro e mañego (elaboración propia).

Por último, quere sobranceado o feito de rexistrarmos con vitalidade a presenza dun alófono africado prepalatal sonoro [dʒ]¹⁹ de maneira sistemática en posición interior de palabra tras nasal (a posición máis resistente ao cambio fonético): *estran[dʒ]eiro*, *naran[dʒ]a*, *mon[dʒ]a*, *lon[dʒ]e*, *zan[dʒ]a*, *paxin[dʒ]a*, *gin[dʒ]a*, *fren[dʒ]ós* e, de maneira esporádica, en posición inicial absoluta nas voces *[dʒ]in[dʒ]a* e *[dʒ]uvíu/a* en mañego, non en lagarteiro porque nesta variedade é *i[ʒ]in[dʒ]a* e *i[dʒ]uvíu/a*, co *i-* protético característico da fala do concello das Ellas.

Lembremos que este alófono africado sonoro xa o rexistrara Leite de Vasconcelos en 1929 na localidade lusófona salmantina de Alamedilha (1929:614): “por *dj* noto a africata sonora que corresponde à africata *ch* (surda), som que também observei em San Martin de Trevejo (...)”, e achegara os exemplos de *djardim*, *Djoão*, *djunho* apañados na Alamedilha, ou Buescu en Monsanto (1984:126) como “sobrevivência extremadamente arcaica”. Nós xa non achamos rastro desta pronuncia cando en 2001 pesquisamos na Alamedilha e na Bouça, o outro concello salmantino lusófono, nin sequera preguntando por palabras-diana entre a xente de máis idade.

O colega e dialectólogo portugués Fernando Brissos ten algúns rexistros recentes desta realización [dʒ] en puntos do norte e do nordeste portugués de maneira esporádica e asistemática, mais só en

¹⁹ Vid. Costas 2016.

posición inicial de palabra²⁰. Así mesmo, na súa tese de doutoramento, Brissos (2012) rexistra tamén algúns casos illados de [dʒ] na parte suroriental das veciñas terras da Beira.

/θ/ e /d/. O antigo par opositivo fricativo predorsal /s/-/z/ evolucionou a interdental no galego común thetaísta e nestas falas dando lugar a un par /θ/-/ð/, pero o sonoro –supomos que para non confluír co xordo–, seguiu evolucionando ata un fricativo dental sonoro, co que saíu do cadro das sibilantes ao perder o característico asubío, ao deixar de ser fricativo interdental e evolucionar a oclusivo dental /d/. Deste xeito, nestas falas temos por unha banda *ceu, cinco, praza, moza, cazar, azúcar, centeu, cear*, etc., con [θ], e por outro *ondí, adeiti, dodí, tredi, catordí, quindí, reda, dagala, adivu, redenti, condudir, dorro, tristeda, crudes, riqueda, bederru, producir, felidís, vedís*, etc., cunha pronuncia que xa non é sibilante senón /d/ realizado [d] ou [dʒ].

Esta evolución do antigo par fricativo predorsal xa a rexistraba Espinosa (1935) nalgúns puntos de Estremadura cando andaba á procura de restos da antiga sonoridade das sibilantes. Así, no “chinato” de Malpartida de Plasencia, constatou a existencia de restos como *redal* por rezar ou *cereda* por cereza, etc. González Salgado (2003), na súa *Cartografía lingüística de Extremadura*, apenas rexistra algúns exemplos illados e asistemáticos como *bodal*, no punto C300 (Portaje), e *bederro*, no punto C103 (Guijo de Galisteo), mentres que no punto C101 (As Ellas) son numerosos os casos de dentalización da antiga interdental sonora. Nós temos rexistrados nas Ellas e en San Martiño de Trebello algúns exemplos illados de dentalización da xorda: *poda, podu*²¹ (poza, pozo) –moi representado na toponimia–, *tadón* (tazón), etc., e mesmo alternancias *pali[θ]ia-pali[d]ia* nun único falante.

/s̄ /-/ z̄/, o antigo par fricativo apicoalveolar mantense rendible unicamente en dous pares opositivos históricos: *pre[s̄]a* (reclusa)/ *pre[z̄]a* (rapidez), e *a[s̄]a* (de asar) / *a[z̄]a* (de agarrar) e nalgún de

²⁰ Segundo manifestou o Dr. Brissos no debate que seguiu á súa conferencia «Proposta de reformulação da caracterización dialectal do Noroeste portugués», impartida no congreso *Gallaecia - III Congreso Internacional de Linguística Histórica*, en Santiago o 28 de xullo de 2015.

²¹ No libro de Severino López (1992) recóllense numerosos exemplos de pozos nos ríos e regatos das Ellas que se chaman *Podu Ola* (Pozo da Ola), *Poda da Reina*, *Podu das Mon[dʒ]as*, *As Podas*, etc.

recente creación: *pi[s̺]o* (vivenda) / *pi[z̺]o* (de pisar) por aparición na fala dunha voz nova pola vía do castelán. É, xa que logo, o único par de fonemas sibilantes con oposición xordo/sonoro existente na actualidade nestas falas, o único polo que podemos decer que estas dúas variedades teñen sonoras.

3.2. Posición imploriva

/tʃ/ e <ʃ/z>, ao igual ca no galego ou no valverdeiro, nunca concorren en posición imploriva, nin medial nin final.

O arqui fonema fricativo apicoalveolar < s̺ / z̺ > en posición imploriva ten os alomorfos foneticamente condicionados que tamén teñen galego, castelán ou asturleonés (palatalizado, dentalizado, sonorizado, etc.) e non sofre aspiración como ten o castelán meridional ou o castelán estremeño e andaluz; é dicir, os falantes de mañego e lagarteiro non aspiran o [-s̺] implorivo como viamos anteriormente ao falarmos dos falantes de valverdeiro, aínda que si – moi esporadicamente– poden rotatizalo perante consoante sonora (*le van a sél prontu o[r] dentí[r] de leít*).

Senlleiramente, e a diferenza dos valverdeiros, os falantes de mañego e lagarteiro si teñen o alófono [-z̺] final en posición intervocálica por fonética sintáctica, a famosa “liaison” do francés, do portugués ou do catalán, cando pronuncian, por exemplo: *na[z̺]Ella[z̺] anti[z̺] o[z̺] homis non tiñan mutas múas, unha ó dúas*.

O arqui fonema <θ/ð>. Ao igual ca no valverdeiro, é case imposible acharmos realizacións interdental en posición imploriva medial (interior de palabra, casos de *torresmo*, *tisnañ*), e en posición imploriva final, ao igual ca no valverdeiro, tamén desaparece toda pronuncia dunha esperada interdental ou dental xorda ou sonora imploriva: *ve, cru, de, capá, pa, lu, capatá, pe, felí, perdí, feró, arró, nó*, recuperada como dental cando se forma o plural e queda en posición explosiva: *vedis, crudis, dedis, capadis, padis, ludis, capatadis, pedis, felidis, perdidis, ferodis, arrodís, nodis*.

4. Diacronía e sincronía das sibilantes do Ellas

Todas as gramáticas históricas tradicionais²² explican que no galego de finais do XIII –época en que se documenta a presenza

²² Poir exemplo Teyssier (1982: 34), mais tamén Nunes (1975), Maia (1986), Silva (1991) ou Williams (1975).

galega neste val-, xa se estaría a producir o proceso de enxordecemento das sibilantes sonoras, se non xa a súa consumación.

Lindley Cintra cando estudou os *Foros de Castelo Rodrigo* (1959: 348-349), uns documentos redactados nunha zona do reino galego-leonés repoboada maioritariamente con galegos pero que desde o XIV pasou a ser parte do reino de Portugal, determinou que estes documentos estaban redactados nun falar “essencialmente galego” e non portugués, e un dos variados motivos que o levaron a afirmar isto foi que neles rexistrou numerosos casos de confusións entre os grafemas que representaban fonemas sibilantes xordos e sonoros, o que o levou a pensar nun proceso de enxordecemento en marcha ou xa consumado, semellante ao que acontecía na mesma época no galego de Galicia.

Cintra (1959) rexistrou mesmo casos de enxordecemento na orde palatal espelladas no uso da grafía X no canto de G ou J (*liñaxe, queyxo, egrexo*), nas alternancias destas grafías (*fuxir/fugir, exido/egido*) e nas ultracorreccións de J, G no canto de X (*pijotas, trogeren, leijan*), o cal indica que estes pares fonolóxicos apicolaveolares e prepalatais xa non funcionaban e que a neutralización cara ao enxordecemento tiña o seu espello na escrita.

A elevada proporción de erros “ortográficos” delataba que ou ben estaba consumada a neutralización xorda/sonora no eido das sibilantes, ou ben o proceso de enxordecemento estaba nunha fase ben avanzada, de maneira que a ausencia de sibilantes sonoras no valverdeiro ou a convulsión que tivo e está tendo lugar en mañego e lagarteiro teñen as súas raíces na época da implantación de poboación galega e leonesa nestas terras –poboación que xa traía o “virus” do enxordecemento-, e non tanto nunha posible “castelanización fónica” posterior.

Cintra tamén chamou a atención sobre a presenza actual de restos daqueles poboadores galegos e leoneses nas rexións portuguesas de Sabugal e Ribacoa, pertencentes ao reino de Galicia e León ata o tratado de Alcanizas (1297). Fóra de restos toponímicos, Cintra tamén poñía o foco sobre léxico “galego” (setentrional) existente nestas zonas. Cando se analiza a toponimia e o léxico do occidente estremeño, os diversos autores citan numerosos portuguesismos e leonesismos (*choca, chocallo, sacho, zorra, esterquera, bagazo, carozo, gamelón, mazaroca, cangallo, lamber...*).

O rechamante é que algunhas das voces citadas só se rexistraron ata o de agora no galego ou no portugués miñoto ou trasmontano, e ademais nesta zona hoxe da Beira portuguesa e do norte de Estremadura non houbo repoboación portuguesa máis que nuns poucos puntos da franxa fronteiriza.

Mais, sobre todo, chama moito a atención nestas áreas de Ribacoa e Sabugal as inestabilidades nas sibilantes: a[ʒ]agal, a[ʒ]í, fo[s̺]ar, dú[s̺]ia etc., fundamentalmente no eido das palatais: *xente, xogar, xornal, xugo, xunco, xunta*, pronunciados con palatal xorda [ʃ], ou mesmo *coja* pronunciado con sonora [ʒ] por ultracorrección (Borges 2000).

Sirva isto para polo menos dubidar de que a ausencia de sonoras no valverdeiro ou a evolución especial das sonoras en mañego e lagarteiro se poidan deber a interferencia do castelán, como algúns pretenden ver, pois ata hai menos de cen anos o único contacto que tiñan os falantes destas variedades co castelán era moi ocasional (feiras e romarías fóra do val) e habitualmente vertical (clero, exército, nobreza), pois historicamente os seus veciños occidentais falaban portugués e os seus veciños orientais falaban leonés.

5. A grafización destas sibilantes: complicacións normativas

A variación nas sibilantes que xa vimos máis arriba tivo o seu reflexo nos textos escritos ata agora nestas falas cunha disparidade de solucións gráficas poucas veces imaxinable²³; esta variación ten actualmente o seu espello nas tres propostas normativas que están a circular polas redes e entre os falantes e que son as seguintes:

a) Unha norma reintegracionista lusófila, elaborada e difundida polo Grupo Xálima²⁴ (2015) moi usada por algúns activistas nas redes e publicación poética, é rexeitada socialmente no

²³

P.e. para as voces “viaxi, lonxi, casa, mesa”: *viaixi, viaxi, viashi, viaishi, viaxi, viaisi, lonji, londji, londxi, lonxi, londzi, londzi, casa, casa, casha, caša, cassa, mesa, mesha, meša, mesa, messa...* rexistradas en Frades (1994), carteis e programas de festas, revista *Anduriña* das Ellas etc.

²⁴ O Grupo Xálima, constituído por Antonio Corredera, J. L. Martín Galindo e Eduardo S. Maragoto, é partidario da reintegración progresiva destas falas no portugués e demanda o estudo obrigatorio do portugués para todo o alumnado dos catro centros de ensino do val.

val²⁵. Os defensores desta orientación non queren a introdución dunha variedade unificada das tres falas na escola, pois coidan que abondaría coa impartición obrigatoria da materia de Língua Portuguesa para todo o alumnado do val. Esta proposta non se manifestou aínda sobre temas tan espiñentos como as posibles maneiras de grafar formas como *jenu*, *cortajenu* ou *vecís/vedís*.

b) Unha norma propia, independente e moi elástica, elaborada polo lingüista checo Miroslav Valeš para a Asociación A Nosa Fala (2015) e usada nas publicacións desta asociación e nas publicacións municipais (folletos de festas, bandos, cartellaría, sinalética) dos concellos de Valverde e das Ellas. A idea-base desta norma é que o falante é soberano e pode escribir como lle apeteza e á súa maneira, na súa variedade local, de aí que todas as súas edicións as fagan nas tres variedades: valverdeiro, lagarteiro e mañego, pero cada texto vai escrito en cada momento co criterio persoal de cada redactor. Os defensores desta proposta polinómica non aspiran a que entre na escola porque a súa aplicación sería moi problemática.

c) Unha norma autóctona, relacionada co galego pero con moitas concesións ás solucións locais propias, como é a que empregou Domingo Frades na súa tradución ao mañego d'*O Novu Testamentu* (2015), ou a filóloga mañega Tamara Flores na tradución de 15 contos infantís universais a un modelo escrito con tendencia unificadora, ou a filóloga valverdeira Alicia Manso nas súas publicacións científicas, ou como é a norma na que se escribiron medio cento de artigos no dixital comarcal *sierradegata.es*, escolmados en Costas 2016b²⁶. Esta é unha tentativa aínda tatexante para escribir nun modelo unificado –non uniformado– e lingua sen “traizoar” nin “enterrar” as características diferenciais das tres variedades locais, que é o medo expresado sempre polos falantes nativos máis activos.

Vexamos as tres propostas existentes verbo da representación das sibilantes:

²⁵ Ata o extremo de que houbo acordos de plenos municipais rexeitando esta proposta ortográfica.

²⁶ A idea desta proposta está no artigo “¿Qué norma le convén ás falas do Val do Ellas?” (Costas 2016b: 70-79).

Falantes ²⁷ 60-70 % 40-30%	Proposta reintegracionista	Proposta da A.C. A Nosa Fala	Proposta unificadora
[xe]no corti[xu]	? ?	<i>jenu</i> <i>cortiju</i>	<i>Jenu</i> <i>cortiju</i>
ca[s]a ca[z]a fu[su] fu[z]u	<i>Casa</i> <i>fusu</i>	<i>casa casha</i> <i>fusu fushu</i>	<i>casa (caśa)</i> <i>fusu (fuśu)</i>
o[s]a i[s]u	<i>nossa</i> <i>issu</i>	<i>nosa</i> <i>isu</i>	<i>Nosa</i> <i>isu</i>
[ʃ]oga [(i) ʒo]ga fu[ʃi] fu[ʒi]	<i>joga</i> <i>fugi</i>	<i>xoga</i> <i>fuxi</i>	<i>xoga (xoga)</i> <i>fuxi (fuxi)</i>
en[ʃ]ami [ʃ]abón	<i>enxami</i> ?	<i>enxami</i> <i>xabón</i>	<i>Enxami</i> <i>xabón</i>
mon[ʃ]a mon[dʒ]a lon[xi] lon[dʒi]	<i>monja</i> <i>longi</i>	<i>mondxa</i> <i>londxi</i>	<i>monxa (mondxa)</i> <i>lonxi (londxi)</i>
[θ]ea [θ]eru pra[θ]a mo[θ]a	<i>cea</i> <i>zeru</i> <i>praça</i> <i>moça</i>	<i>cea</i> <i>ceru</i> <i>praza</i> <i>moza</i>	<i>Cea</i> <i>ceru</i> <i>praza</i> <i>moza</i>
ve[θ]is ve[d]is cru[θ]is cru[d]is [θ]orra [d]orra tre[θ]i tre[d]i	<i>vezis</i> <i>cruzis</i> <i>zorra</i> <i>onzi</i>	<i>vecis vedis</i> <i>crucis crudis</i> <i>zorra dorra</i> <i>onci ondi</i>	<i>vezis (vežis)</i> <i>cruzis (cružis)</i> <i>zorra (žorra)</i> <i>onzi (onži)</i>

Cadro 8: pronuncias sibilantes e representación gráfica en cada unha das propostas normativas

Na terceira das propostas, as grafías con diacrítico indican sonoridade (ou dentalidade) en mañego e lagarteiro, pero hai quen non é partidario dos diacríticos e si de actualizar na lectura cada pronuncia dialectal; é decer: se un valverdeiro lé *hoxi* pronunciará *ho[ʃʃ]i*; un lagarteiro *ho[ʃʒ]i* e un mañego *ho[ʒ]i*; e se un valverdeiro lé *vozis* pronunciará *vo[θ]is* e lagarteiros e mañegos *vo[d]is*. Pero o problema non é tanto a disparidade de realizacións fonéticas como o feito de que todo o mundo quere escribir tal e como pronuncia na súa variedade local ou mesmo no seu idiolecto particular.

Á vista do exposto, é posible escribir unificadamente estas falas? A solución non é doada: os valverdeiros, o 60% dos falantes – m o 70% entre os falantes menores de 30 anos–, non teñen sonoras, e á dificultade de escribiren a súa lingua con *b/v*, *h/Ø*, *c/z* etc.,

²⁷ Na columna da esquerda (60-70%) figura a pronuncia do valverdeiro, variedade do 60% dos falantes e do 70% dos falantes menores de 30 anos; na da dereita figura a pronuncia de mañego e lagarteiro, variedades usadas polo 40% dos falantes, que son o 30% dos falantes entre os menores de 30 anos.

engadiríase representaren as grafías correspondentes ás sonoras (*ss/s, ç/z/c, g/j/x*) coa introdución de catro grafemas máis (*ss, ç, g, j*), exactamente igual ao que lle ocorre ao galego común. E, pola súa parte, mañegos e lagarteiros teiman en representar as pronunciacións *[d], [d]* en *vodís, crudís, vedís, dorra, dápiti, codiña, redar, ondi, dodí, tredi, catordi*, etc., e en usaren dígrafos ou grafías como *sh, xj, x*, etc., para as diversas realizacións fonéticas sibilantes sonoras.

A isto engádeselle que non hai unha autoridade lingüística recoñecida nin unha asociación ou institución que teña prestixio no eido da lingua (un instituto de investigación, unha universidade, un departamento administrativo); e o peor de todo: as autoridades políticas estremeñas non moven un só dedo para axudar a resolver este problema e, seguidamente, acometer as mínimas medidas normalizadoras recoñecidas na Parte II da *Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias*, medidas que inclúen –entre outras–, a presenza efectiva da lingua autóctona no mundo escolar e na administración local.

Agardamos que a UEX e os falantes valedos máis conscientes e competentes convoquen os especialistas a unhas xuntanzas de traballo para procuraren entre todos unha solución “á mirandesa”. Do mesmo xeito que os falantes de leonés ou de mirandés non seguen exactamente as normas da Academia de la Llingua Asturiana e os falantes de aranés non seguen exactamente as normas do Institut d’Estudis Occitans, os falantes destas variedades poderían perfectamente elaborar e consensuar unha adaptación da norma galega, a máis próxima para o 60% dos falantes (valverdeiros)²⁸ e a menos allea para o 40% restante de falantes (mañegos e lagarteiros).

Bibliografía

A Nosa Fala (2015): Asociación A Nosa Fala, *Proposta de Ortografía de A Fala*. A disposición en <http://www.anosafala.com/wp->

²⁸

Os falantes adoitan dicir que o valverdeiro se parece máis ao galego porque, entre outros trazos, non ten sibilantes sonoras –o seu sistema de fonemas sibilantes é case idéntico ao do galego (*casa, nosa, xogar, coxo, cinco, praza*)–, e fai os plurais das palabras agudas rematadas en *-n* en *-ns* (*corazóns, camións, capitáns, calcetíns, comúns*) como o galego estándar, mentres que as outras dúas falas posúen algún fonema e algunhas realizacións sonoras (inexistentes en galego común) e os anteriores plurais os fan en *-s* (*corazós, camiós, capitás, calcetís, comús*), como o galego central non estándar.

- content/uploads/2016/02/Proposta-da-orto graf%C3%A Da-de-A-Fala.pdf [último acceso 16/01/2017].
- Borges, (2000): Borges, Júlio António, *Linguagem popular do Concelho de Figueira de Castelo Rodrigo*, Póvoa de Varzim [edición do autor].
- Borrego (1983): Julio Borrego Nieto, *Norma y dialecto en el sayagués actual*, Salamanca, USAL.
- Brissos (2012): Fernando Brissos, *Linguagem do Sueste da Beira no Tempo e no Espaço*, Lisboa, CLUL.
- Buescu (1984): M.L. Carvalhão Buescu, *Monsanto. Etnografia e linguagem*, Lisboa, Presença.
- Carballo Calero (1979): Ricardo Carballo Calero, *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia (7ª edición).
- Carrasco (1996 e 1997): Juan María Carrasco González, “Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama”, *Anuario de Estudios Filológicos*, Universidad de Extremadura 19 (1996), pp. 135-148, y “Parte II y última: Otras hablas fronterizas. Conclusiones”, *Anuario de Estudios Filológicos* 20 (1997), pp. 61-79.
- Cintra (1959): Luis Filipe Lindley Cintra, *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do século XIII*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos.
- Cintra (1974): Luis Filipe Lindley Cintra, “A linguagem dos foros e o galego-português de Xalma”, en Boléo, M. de Paiva, *Estudos de linguística portuguesa e românica I*, Coimbra, Faculdade de Letras, pp. 508-537.
- Cintra (1983): Luis Filipe Lindley Cintra, “Nova Proposta de Classificação dos Dialectos Galego-Portugueses”, en *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa.
- Costas (1994): Xosé-Henrique Costas González, *Aproximación diacrónica e sincrónica ó estudio das sibilantes en galego*, tese de doutoramento [iné dita], Faculdade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Costas (1998): Xosé-Henrique Costas González, “Os subsistemas de sibilantes no galego do Val do río Ellas”, en Dieter Kremer

- (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. II, Santiago, USC, pp. 581-590.
- Costas (1999a): Xosé-Henrique Costas González, “Unha vé había un rapá comendo unha nõ: o microsubsistema C do subsistema sibilante thetaísta do galego”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago, USC, pp. 325-330.
- Costas (1999b): Xosé-Henrique Costas González, “Ás voltas co enxordecemento das sibilantes en galego”, en *Actas do XIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, Universidade de Aveiro, 28-30/09/1998, vol. I, pp. 433-445.
- Costas (2013): Xosé-Henrique Costas González, *O valego: as falas de orixe galega do Val do Río Ellas (Cáceres)*, Vigo, Edicións Xerais.
- Costas (2016a): Xosé-Henrique Costas González (coord.), “O galego no val do Ellas”, suplemento especial “A Fondo” do semanario *Sermos Galiza*, nº 133, de 25/02/2016 [con artigos do Grupo Xálima, Asociación A Nosa Fala e varios especialistas no tema]. A disposición en http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/fondo-galego-no-val-do-ellas/20160225145_132045271.html [último acceso o 16/01/2017].
- Costas (2016b): Xosé-Henrique Costas González, *Algunhas ideas nas vosas falas*, Santiago de Compostela, Edicións Positivas.
- Costas (2016c): Xosé-Henrique Costas González, “A dialectoloxía valega na lingüística histórica galega”, en Rodríguez Guerra, A. (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*, Vigo, Universidade de Vigo, pp. 55-64.
- Cruz (2013): M.^a Luisa Segura da Cruz, “Variedades Dialectais do Portugués Europeu”, in *Gramática do Portugués*, vol.I, Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, pp. 85-142.
- Espinosa (1935): Aurelio Espinosa, *Arcaísmos dialectales. La conservación de ‘s’ y ‘z’ sonoras en Cáceres y Salamanca*, Madrid, Anexo 19 da *Revista de Filología Española*.
- Fernández Rei (1990): Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, Edicións Xerais.
- Frades (2004): Domingo Frades Gaspar, *Vamus a falal*, Coria [autoedición].

- Frades (2015): Domingo Frades Gaspar, *O Novu Testamentu*, Madrid, Sociedad Bíblica de España.
- Frago (1985): Juan Antonio Frago Gracia, "De los modelos medievales /s, z/ al interdental fricativo /θ/ del español moderno", en *Homenaje a Manuel Alvar López*, vol.II, pp. 53-74.
- Frías (2010): Xavier Frías Conde, *El habla de Sanabria*, Editorial Académica Española.
- García & Boyano (1999), David García López e Ricardo Boyano Andrés, (1999), "Toponimia menor del noroeste de la provincia de Zamora: 1. Mombuêi", en *Lletres Asturianas*, 70, pp. 15-24.
- García & Boyano (2000): David García López e Ricardo Boyano Andrés, "Toponimia menor del noroeste de la provincia de Zamora: 2. San Ciprián de Senabria (con notas sobre el habla charra)", en *Lletres Asturianas*, 73, pp. 23-39.
- García & Boyano (2002): David García López e Ricardo Boyano Andrés, "Toponimia menor del noroeste de la provincia de Zamora: 3. Santa Cruz d' Abranes (con notas sobre el machuecu curixegu)", en *Lletres Asturianas*, 79, pp. 63-84.
- González (1986): Manuel González González, "Subsistemas de sibilantes do galego actual", en *Actes du XVIII CILPhR*, Trier, t. III, Tübingen, 1991, pp. 531-548.
- González Salgado (2003): José Antonio González Salgado, *Cartografía lingüística de Extremadura* [a disposición en www.geolectos.com, última consulta o 16/01/2017].
- González Salgado (2005): José Antonio González Salgado, *Vocabulario tradicional de Extremadura. Léxico de la agricultura y la ganadería*, Mérida, Editora Regional de Extremadura.
- Grupo Xálima (2015): Grupo Xálima: Corredera Plaza, Antonio; Sanches Maragoto, Eduardo; Martín Galindo, José Luis, *Criterios para orientar a ortografía da língua do Val de Xálima*. A disposición en <http://ppl.gal/wp-content/uploads/2015/08/Crit%C3%A9rios-para-orientar-a-ortografia-do-xalimego.pdf> [último acceso 16/01/2017].
- Iglesias Ovejero (1982): Ángel Iglesias Ovejero, *El habla del Rebollar. Descripción*, Salamanca, Diputación de Salamanca.

- Llorente (1947): Julio Llorente Maldonado, *Estudio sobre el habla de la Ribera*, Madrid, CSIC.
- Maia (1986): Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego-Português. Estudo Linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI*, Coimbra, INIC.
- Manso (2016): Ana Alicia Manso Flores, "Enquisa recente no IES Val de Xálima", en *Sermos Galiza*, nº 133 (25/02/2016), no caderno de análise "A Fondo", especial "O galego no Val do Ellas".
- Maragoto (2012): Eduardo Sanches Maragoto, "As falas das Elhas, Valverde e Sam Martinho (Cáceres): origem galega ou portuguesa? Apontamentos críticos à tese histórica da repovoação galega", *Murguía: revista galega de historia*, 25, pp. 93-100.
- Marcos (1996): Germán Marcos García, *Singular habla del Noroeste Extremeño: A Fala*. A disposición en <http://bibliotecavirtualesierradegata.blogspot.com.es/2011/06/singular-habla-del-noroeste-extremeno.html> [última consulta o 16/01/2017].
- Marcos (2005): Germán Marcos García, *El habla de Villamiel-Trevejo*. A disposición en <https://es.scribd.com/doc/36124718/El-habla-de-Villamiel-y-Trevejo-por-German-Marcos> [última consulta o 16/01/2017].
- Martín Galindo (1993): José Luís Martín Galindo, "Apuntes socio-históricos sobre a Fala do Val de Xálima", separata de *Alcántara. Revista de Estudios Cacerreños*, nº 30, pp. 123-147.
- Mateus (1975): Maria Helena Mira Mateus. *Aspectos da Fonologia Portuguesa*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos.
- Nunes (1975): José Joaquim Nunes, *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*, Lisboa, Livraria Clássica Editora (8ª edição).
- Ramallo (2011): Fernando Ramallo Fernández, "O enclave lingüístico de Xálima: unha análise sociolingüística", en *Estudos de Lingüística Galega*, nº 3, pp.111-135. A disposición en <http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/> [última consulta o 16/01/2017].
- Severino López (1992): Severino López Fernández, *Topónimus das Ellas y rimas en lagarteiru*, Salamanca [autoedición].

- Silva (1991): Rosa Virgínia Mattos e Silva, *O Português Arcaico. Fonologia*, São Paulo – Baía, Contexto – UFBA.
- Teyssier (1982): Paul Teyssier, *História da Língua Portuguesa*, Lisboa, Martins Fontes.
- Torreblanca (1983): Máximo Torreblanca, “Las sibilantes sonoras del Oeste de España: ¿arcaísmos o innovaciones fonéticas?”, *Revista de Filología Románica*, I, pp. 61-108.
- Vasconcelos (1927): José Leite de Vasconcelos, “Linguagem de San Martín de Trevejo”, *Revista Lusitana*, XXVI, pp. 247-259.
- Vasconcelos (1929): José Leite de Vasconcelos, *Opúsculos*, vol. IV – *Filologia (Parte II)*, Coimbra, Imprensa da Universidade.
- Viudas (1982): Antonio Viudas Camarasa, “Un habla de transición: El dialecto de San Martín de Trevejo”, *Lletres Asturianas*, 4, pp. 55-71.
- Williams (1975): Edwin B. Williams, *Do Latim ao Português. Fonologia e Morfologia Históricas da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro (3ª edição).

varia
